



MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DA POBRA DO CARAMIÑAL, PARA APOIAR A MODIFICACIÓN DA LEI ORGÁNICA DE RÉXIME ELECTORAL XERAL PARA QUE A LISTA MÁIS VOTADA GOBERNE NOS CONCELLOS

O Grupo Municipal do Partido Popular da Pobra do Caramiñal, conforme ó previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ó Pleno Municipal a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os Concellos son as administracións públicas máis próximas ós cidadáns. Aquelas que, no ámbito das súas competencias, ofrecen unha resposta inmediata ás súas demandas mellorando as súas condicións de vida, promovendo as infraestruturas sociais e económicas necesarias facilitando unha maior seguridade para lograr a igualdade de oportunidades, entre outras moitas actuacións que desenrolan as entidades locais no beneficio dos seus veciños.

Ante esta realidade e a gran importancia que teñen os gobernos locais nas súas vidas, os cidadáns deben ter garantido que a súa vontade, expresada nas urnas, non se vexa alterada ou revocada por pactos post-electorais que desvirtúan e anulan o mandato da maioría.

Despois das eleccións municipais do ano 2015 asistimos en toda España a pactos entre diversos partidos que, arrogándose na capacidade de interpretar a vontade popular ó seu antollo e conveniencia, situaron ó fronte de moitos Concellos a coalicións de perdedores respecto das que os veciños opinaron claramente - cos seus votos - que non desexan que lles gobernen ou sobre as que non tiveron ocasión de pronunciarse explícitamente xa que os pactos post-electorais, na maioría das ocasións, deforman o contido das candidaturas que os integran.

Ademais, durante estes anos os cidadáns puideron observar como estes gobernos municipais, baseados nos intereses particulares de cada partido e non na maioritaria vontade dos veciños, estiveron caracterizados pola inestabilidade e por unha escasa ou nula acción de goberno debido á falta de acordo entre os seus membros respecto a que medidas adoptar para mellorar as condicións de vida dos veciños.

Por elo, consideramos necesario e urxente que a Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (LOREG) sexa reformada unha vez máis para que se adapte á realidade da sociedade española e garanta ós cidadáns que a opción política que gozou da súa confianza maioritaria e foi a vencedora nas eleccións municipais terá a posibilidade de gobernar efectivamente.

Para logralo, o Partido Popular propuxo no Congreso dos Diputados unha reforma da LOREG que conxuga o principio de proporcionalidade coa articulación dun sistema



correctivo que introduce unha “prima de maioría” á opción máis votada, co obxectivo de ofrecer solucións tanxibles ós problemas de estabilidade, gobernabilidade e seguridade xurídica das entidades locais.

Dita reforma propón o establecemento dun sistema de dobre volta electoral para as eleccións municipais e locais. Sistema no que se poden distinguir tres posibles escenarios:

- 1. que unha opción política obteña a maioría absoluta o que supoñería que automaticamente tenría a maioría dos concelleiros no consistorio correspondente.**
- 2. que unha candidatura alcanzara o 35% dos sufraxios emitidos e superase en cinco puntos á seguinte opción. Neste caso, outorgaríase a esa lista gañadora a metade máis un dos concelleiros do consistorio mentres que o resto se atribuirían a través do actual sistema previsto na LOREG.**
- 3. que unha candidatura alcanzara o 30% dos sufraxios emitidos e superase, polo menos en dez puntos á seguinte opción. Neste caso, tamén se outorgaría a esa lista gañadora a metade máis un dos concelleiros do consistorio mentres que o resto se atribuiría a través do actual sistema previsto na LOREG.**

Só no suposto de que non se cumprisen ningún dos escenarios anteriores se recorrería a unha segunda volta electoral á que só poderían concorrer aquelas candidaturas que na primeira convocatoria alcanzasen o 15% dos sufraxios.

Nesta segunda volta, outorgaríanselle a metade máis un dos concelleiros do consistorio a aquela candidatura que obtivese ó menos o 40% dos votos e superase en 7 puntos á seguinte opción. O resto de concelleiros atribuiríanse a través do actual sistema previsto na LOREG.

Ademais, a reforma establece que a “prima de maioría” so poderá ser efectiva respecto de aquelas formacións políticas que concorran autónomamente á primeira volta electoral ou respecto de opcións políticas que se presentasen conxuntamente baixo unha única lista electoral.

Uns mecanismo e procedementos que non vulneran as premisas constitucionais aplicables ó réxime electoral xeral e que pretenden favorecer a transparencia nos procesos electorais e a gobernabilidade e estabilidade das entidades locais.

Á vista do anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular na Pobra do Caramiñal somete á consideración do Pleno a seguinte proposta de acordo:



- Apoiar o principio democrático de que governe a lista máis votada, para garantir que a vontade popular non se vexa alterada ou revocada por pactos post- electorais.
- Mostrar o apoio deste pleno á reforma da LOREG promovida polo Partido Popular e solicitar ós partidos políticos con representación no Congreso dos Deputados o inicio dun debate responsable para que dita reforma poida materializarse co maior apoio posible, posto que favorece a transparencia nos procesos electorais e proporciona gobernabilidade e estabilidade nas entidades locais, obxectivos que deben guiar ós responsables políticos ó marxe de intereses partidistas.
- Dar traslado do presente acordo á Vicepresidenta do Goberno de España, ós Portavoces dos Grupos Parlamentarios do Congreso e do Senado e á Xunta de Goberno da FEMP.

En Pobra do Caramiñal a 15 de outubro de 2018



Manuel M^a Durán Guillán
Concelleiro do Grupo Municipal do PP

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE POBRA DO CARAMIÑAL